



DECLARACIÓN

SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DAS VIXENTES MORATORIAS ÁS NOVAS PLANTACIÓNS DE EUCALIPTO EN GALICIA E BISCAIA E A SÚA EXTENSIÓN A ASTURIAS, CANTABRIA, ÁRABA E GUIPÚSKOA

13 de xuño de 2025

O movemento ecoloxista diante da expansión do eucalipto

No ano 2011, máis de 20 asociacións ecoloxistas e de conservación da natureza de ámbito estatal e rexional (de Andalucía, Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco) presentaron a declaración *Unha visión común sobre o problema das plantacións do eucalipto*.¹ Esta declaración viña precedida doutros documentos de posición adoptados polo movemento ecoloxista europeo, de Portugal ou de Cantabria sobre a eucaliptización do territorio ibérico.²

Naquela declaración, as organizacións do movemento ecoloxista recoñecemos a relevancia social e económica das plantacións de eucalipto e do sector papeleiro, polo que presentamos ás administracións públicas e ao sector do eucalipto unha proposta de solución para aparcas décadas de conflitividade e poder sumar esforzos, xunto á industria e os propietarios, a favor dos produtos forestais de orixe social e ambientalmente responsábeis. Para iso, propuxemos un roteiro (9 directrices e 24 medidas) dirixido ás administracións públicas e ao sector do eucalipto.

Á luz da situación actual temos que recoñecer que aquelas demandas non foron escoitadas, a planificación fallou e a superficie ocupada por plantacións de diversas especies de eucalipto³ continuou aumentando nalgúns territorios. E a conflitividade asociada a esta expansión amosou novos ángulos, como o risco de desabastecemento na cadea de valor da madeira non

¹ [Una Visión Común sobre el problema de las plantaciones de eucalipto. Análisis y propuestas del movimiento ecologista ibérico para solucionar la conflictividad social y ambiental de las plantaciones de eucalipto](#), 16/03/2011.

² Unha visión común para transformar a industria Europea do Papel. Documento acordado na reunión do Movemento Forestal Europeo (FME) o 2 de outubro de 2005. Para a versión en castelán e catalán: <http://www.ecoedicio.cat/?p=132>; A Eucaliptización en Portugal. Análise da Situação e Propostas de Resolución. Documento de AGROBIO, APB, GEOTA, GUEA, LPN, QUERCUS. Lisboa, 1989; Manifesto para a regulación do cultivo de eucaliptos en Cantabria, asinado por 14 organizacións ecoloxistas, sociais e sindicais, en xullo de 2004.

³ Neste texto referímonos ao eucalipto incluíndo as dúas principais especies plantadas no norte e noroeste do Estado español: *Eucalyptus globulus* Labill. e *Eucalyptus nitens* H.Deane & Maiden.

relacionada coa produción de pasta de papel. Mentres, amoreábanse as evidencias científicas referidas á naturalización do eucalipto fóra das plantacións, a súa afección aos ecosistemas e a súa expansión mesmo nos espazos naturais protexidos.

As actuais moratorias ao eucalipto en Portugal, Galicia, Biscaia

A actual conflitividade socioeconómica do eucalipto na península ibérica explícase moi ben a partir da existencia de tres moratorias ás novas plantacións desta árbore en vigor: Portugal, dende 2017 até 2030; Galicia, dende 2021 até finais de 2025, e en Biscaia, dende 2022 até finais de 2025. A estas moratorias habería que sumar a moratoria que estivo en vigor no Principado de Asturias entre 2009 e 2014.

Exceptuando a xa afastada moratoria de Asturias, as razóns das administracións públicas para decretar as moratorias actualmente vixentes non foron de carácter ambiental. A súa motivación foi tratar de frear o enorme incremento da superficie de plantacións de eucalipto producido desde 2018 e motivado fundamentalmente pola substitución masiva de masas produtivas de coníferas (*Pinus radiata* e *P. nigra* fundamentalmente) gravemente afectadas por varias pragas en todos os territorios do norte e noroeste peninsular. Unha praga xa presente no Bierzo, o norte de Burgos e mesmo en Catalunya. Estas pragas foron as bandas vermella e marrón das acículas, o chancro resinoso (*Fusarium circinatum*) e o nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*). Precisamente, a grave afección do nematodo do piñeiro nas masas de *Pinus pinaster* en Portugal, que tamén xera brotes periódicos ao sur de Galicia, sería un dos factores que estaría detrás da decisión de establecer a moratoria neste país.

Esta substitución masiva de plantacións de coníferas por plantacións de eucaliptos, reflectida nos inventarios forestais, fixo saltar as alarmas no sector forestal, e en especial no de toda a cadea de valor da madeira de coníferas (madeira estrutural, taboleiro e aserrío), perante o evidente risco de desabastecemento.

Segundo as investigacións, este incremento na afectación de pragas nas plantacións de coníferas é un fenómeno relacionado co aumento das temperaturas medias provocadas polo cambio climático. Á súa vez, tamén hai que considerar o efecto das maiores temperaturas no incremento do risco de incendios e a súa intensidade.

Tamén, parte deste mal estado sanitario das masas de coníferas ten que ver co modelo de xestión: plantacións monoespecíficas, frecuentemente con baixa ou nula diversidade xenética, con quendas de curta que provocan perdas de chan en zonas de pendente, con perda de fertilidade nos chans forestais e descensos xeneralizados de produtividade tras décadas de extracción, etcétera, provocan que estas masas forestais teñan unha mala resposta aos axentes patóxenos (presentes e futuros) e, en definitiva, sexan pouco resilientes aos cambios. Problemas, por certo, dos que non están exentas as plantacións de *Eucalyptus globulus*, especie que tamén acumula unha longa listaxe de pragas que minguan a súa produtividade.

Aínda que a substitución masiva de piñeiros por eucaliptos maniféstase con diferente intensidade nos distintos territorios do norte e noroeste, a alarma no sector da madeira provocou que dende hai anos estea a explorarse tanto a procura e reprodución de variedades resistentes ás pragas (ao nematodo do piñeiro no caso de *Pinus pinaster*), a substitución das

masas de *P. radiata* e *P. nigra* por *P. pinaster* na cornixa cantábrica ou, directamente, o uso alternativo doutras especies exóticas como *Pinus tadea*, *Pinus elliotti*, *Pseudotsuga menziesii*, *Sequoia sempervirens*, *Picea sitchensis* e outras dos xéneros *Criptomeria*, *Cedrus*, *Larix* etc.

Mentres que en Navarra a crise das plantacións de coníferas dirixiuse á plantación de frondosas, nada ou moi pouco se fixo noutros territorios para tratar de diversificar e fomentar o uso doutras especies interesantes, como o castiñeiro, ou algunhas frondosas autóctonas (bidueiros, distintos tipos de carballos, salgueiros, freixos etc.) que, por exemplo, en Galicia non chegan a supoñer un 3 % das curtas anuais a pesares de representar preto dun 30 % da superficie arborizada.

O debate sobre o carácter invasor dalgunas especies do xénero *Eucalyptus*

Coincidindo no tempo con esta maior afección de doenzas forestais ás plantacións de coníferas, durante a última década produciuse un debate no ámbito científico e na administración pública sobre o posíbel carácter invasor dalgunas especies do xénero *Eucalyptus* na península ibérica. Debate que se pechou en falso, agachando baixo a alfombra as evidencias do efecto sobre a biodiversidade dos eucaliptos naturalizados nos diversos territorios.

Neste debate, e como aconteceu noutras ocasións, a loita por apropiarse das credenciais científicas puxo en evidencia as serias diverxencias na interpretación da literatura científica e o corporativismo que domina a conversación entre diferentes visións, onde se mesturan os argumentos procedentes da distinta lectura das conclusións dos artigos científicos con razoamentos de tipo socioeconómico relativos á relevancia da cadea de valor do sector da pasta de eucalipto.

Así, nos anos 2012 e 2017, senllos ditames do Comité Científico do Comité de Flora e Fauna Silvestres (que dependía daquela da Secretaría de Estado de Medio Ambiente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, MAGRAMA) estableceron o carácter invasor de varias especies do xénero *Eucalyptus*, entre elas *E. globulus* y *E. nitens*.^{4 5} Perante a opinión do Comité de Expertos, a Subdirección Xeral de Política Forestal do MAGRAMA (dependente da Secretaría de Estado de Agricultura e Alimentación) emitiu un contrainforme⁶ que contradecía as conclusións do Comité Científico. No caso do segundo ditame, ademais, a súa orixe era unha consulta provocada por unha solicitude do Concello de Teo, na Coruña, que pedía declarar ao eucalipto especie invasora. E con este contrainfome, o 9 de febreiro de 2018 o Ministerio decidiu rexeitar a solicitude do Concello de Teo. Como resposta, o consistorio galego presentou un recurso diante do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade de Madrid,

⁴ MITECO, 2012. [Consulta sobre el posible carácter invasor y potencial peligrosidad de la especie exótica *Eucalyptus nitens*, en cuanto a su cultivo y comercialización.](#)

⁵ MITECO, 2017. [Dictamen del Comité Científico de Especies Exóticas Invasoras \(CC 30/2017\) de 01/12/2017 sobre la posible inclusión de *Eucalyptus camaldulensis*, *E. globulus*, *E. nitens* y cualquier otra especie del género *Eucalyptus* en el Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras regulado por el R.D. 630/2013](#)

⁶ MITECO, 2017. [Informe de la Subdirección General de Política Forestal de 05/12/2017 sobre la solicitud de inclusión en el Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras de los taxones *Eucalyptus nitens*, *Eucalyptus globulus*, *Eucalyptus*.](#) Este contrainforme resumía á súa vez o informe “Análise da ecoloxía de *Eucalyptus nitens* e do estado actual desta especie alóctona en España” elaborado polo enxeñeiro de montes Luis Gil Sánchez, e no que o seu autor rebate a base científica das decisións do Comité de Expertos no seu Ditame CC 02/2012. O enxeñeiro de montes revisaba a literatura científica consultada e concluía que, aínda que amosaba os impactos sobre chan ou biodiversidade das plantacións de eucalipto, non existía ningunha evidencia que puidese levar a especificar o carácter invasor da especie.

pero, en decembro de 2020, a sala Contencioso Administrativo do devandito tribunal ratificou a decisión do Ministerio⁷.

Namentres, unha revisión bibliográfica encargada polo Gobierno Vasco sobre os efectos ambientais destas plantacións en Euskadi e a península ibérica, publicada en 2020 na revista Munibe da Sociedade de Ciencias Aranzadi, insiste na existencia dos anteditos efectos adversos⁸, lembrando que a literatura científica determinou a expansión do eucalipto en situacións concretas despois dos incendios forestais.⁹

A pesares do aluvión de evidencias científicas, e malia que a versión oficial do MITERD establece que o eucalipto non pode catalogarse como “especie exótica invasora”, a realidade é que tanto o MITERD como o resto das administracións públicas que xestionan espazos naturais recoñecen o seu carácter invasor e invisten inxentes cantidades de diñeiro no seu control e erradicación dentro da Rede Natura 2000.

Espazos protexidos, restauración ambiental e erradicación do eucalipto

Na práctica maioría dos territorios onde o eucalipto está presente, esta árbore naturalízase e expandese fóra dos lugares onde foi plantado. De maneira especial, é doado atopar eucaliptos ao longo das ribeiras dos ríos das vertentes atlántica e cantábrica. Sumado a isto, os espazos naturais protexidos non están exentos da expansión destas plantacións no seu interior, como se constata no Parque Natural das Dunas de Oyambre (Cantabria) ou a Reserva da Biosfera de Urdaibai (Bizkaia). En Asturias, todos os espazos da Rede Natura 2000 da costa asturiana están afectados, e é especialmente grave na Reserva Natural Parcial da Ría de Villaviciosa, (ZEC e ZEPA) e na Reserva da Biosfera de Río Eo, Oscos e Terras de Burón (ZEC e ZEPA).

Pero se cadra o caso máis sanguento e documentado é o caso do Parque Natural da Fragas do Eume (na Coruña, Galicia), un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. Neste lugar icónico, a superficie ocupada polas plantacións de eucalipto segue a medrar. Segundo unha investigación da Misión Biolóxica de Galicia (MBG-CSIC)¹⁰, nun período de 25 anos constatouse a perda dun 17,6 % de bosque autóctono no interior deste espazo protexido, así como un aumento das plantacións de eucalipto. Concretamente, a presenza do eucalipto incrementouse un 48,2 % entre os anos 1997 (ano no que foi declarado Parque Natural) e 2022, demostrando o fracaso da xestión dos espazos protexidos en Galicia.

Pero é posíbel eliminar os eucaliptos nos espazos naturais protexidos, como no Parque Nacional das Illas Atlánticas (Comunidade de Galicia), a través do programa europeo Life Insular, que conta co apoio do MITERD, a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela. O dito programa inclúe varias medidas nas que se concreta “a retirada do rexenerado invasor de *Eucalyptus*” (Accións C2 e C3¹¹). O ano pasado, en 2024, *La Voz de Galicia* informaba que durante o ano anterior se cortaran 4.769 eucaliptos, nun artigo que

⁷ [Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de la Comunidad de Madrid 505/2020](#), 30/10/2020.

⁸ Elozegi, A., Cabido, C., Larrañaga, A. y Arizaga, J. [Efectos ambientales de las plantaciones de eucaliptos en Euskadi y la península ibérica](#). Munibe, Cienc. Nat 68, 2020, pp 111-136. Donostia/San Sebastián.

⁹ Segundo lembra a revisión bibliográfica encargada polo Gobierno Vasco “*estudios realizados en Galicia demuestran que los lumes potencian en más de 40 veces a supervivencia de plántulas de eucalipto, incrementando o potencial invasor deste xénero (Calviño-Cancela et al, 2018)*”.

¹⁰ Díaz García, Paula & Regos, Adrián. [Assessing Land-Cover Changes in the Natural Park ‘Fragas do Eume’ over the Last 25 Years: Insights from Remote Sensing and Machine Learning](#).

¹¹ Life Insular. Áreas de Actuación / ZEC. <https://www.lifeinsular.eu/seccion/146/Accions-de-conservacion.html>

levaba como subtítulo *O Parque Nacional aplica o programa europeo Life Insular para eliminar especies invasoras*.¹²

En Euskadi, a Deputación Foral de Guipúscoa cualificou ao eucalipto como “invasor” e, durante os anos 2021 e 2022, xunto ao Concello de Lezo, estivo a realizar o seguimento dun rodal de eucalipto localizado fóra dunha plantación e dentro da ZEC (Zona de Especial Conservación da Rede Natura 2000) Jaizkibel e o Monte de Utilidade Pública nº 23 Jaizkibel, propiedade do Concello de Lezo e cuxo órgano xestor é o Servizo de Montes.¹³ A Diputación de Guipúscoa afirma na súa páxina web¹⁴ que se puido observar unha progresiva expansión de exemplares novos de eucalipto, tanto nas zonas adxacentes ao rodal principal así coma ao norte da pista de Guadalupe. Segundo a Deputación, o eucalipto é unha árbore de carácter invasor que xera unha importante afección á biodiversidade autóctona, polo que é unha especie cuxa expansión cómpre evitar.

Para engadir un último argumento a favor de reabrir o debate, a dimensión do problema das especies invasoras xerou traballos de investigación que se aproximaron aos custos da erradicación de especies exóticas invasoras (EEI) en España, onde se inclúe o xénero *Eucalyptus*. Dentro do proxecto europeo InvaCost¹⁵, o artigo *Economic costs of invasive alien species in Spain* (Custos económicos das especies exóticas invasoras en España)¹⁶, publicado en 2021, analiza os resultados da análise dos custos económicos da erradicación das EEI presentes en España. Considerando só os datos robustos -é dicir, excluindo os custos extrapolados, potenciais (non ocorridos ou esperados) e de baixa fiabilidade-, os custos económicos en España de erradicación de EEI entre 1997 e 2022 estimáronse en 232 millóns de euros. Na lista das 10 especies máis custosas en España, considerando só os custos de xestión robustos, atópase en segundo lugar *Eucalyptus ssp.*, cun custo de 44,66 millóns de euros, pero sen ser un xénero/especie listado nas regulamentacións nacionais de EEI. A investigación chama a atención sobre o feito de que o 36 % das especies invasoras reportadas con custos de xestión non estaban incluídas nas leis nacionais ou europeas (listas negras), o que suxire, segundo os autores, a necesidade de revisar esas leis.

O risco dun monocultivo económico e a eucaliptización do territorio

Neste contexto que vimos describindo, a ameaza de novos proxectos industriais que demandarán madeira de eucalipto (como o Proxecto GAMA, promovido pola papeleira portuguesa Altri) pon en risco a cadea de valor da madeira de coníferas, á vez que anticipa un “monocultivo económico” no sector forestal ibérico cara á produción de celulosa. E todo iso en detrimento de a diversificación produtiva e a procura dunha mellor adaptación dos ecosistemas ao cambio climático, con novos modelos de xestión forestal de plantacións que eviten que a situación actual se repita dentro duns anos.

Esta tendencia ao monocultivo produtivo na fachada atlántica e na cornixa cantábrica supón un risco para os espazos da Rede Natura 2000 e a biodiversidade en xeral, nun contexto de

¹² La Voz de Galicia, 23/09/2024. [5.000 eucaliptos talados en las islas Cíes. El Parque Nacional aplica el programa europeo Life Insular para eliminar especies invasoras](#)

¹³ El Diario Vasco, 27/11/2022. [La Diputación talará un rodal de eucalipto para evitar su expansión](#)

¹⁴ Ayuntamiento de Lezo, 26/11/2022. [Trabajos forestales para la recuperación del bosque autóctono en Jaizkibel](#)

¹⁵ Web de [Invacost](#)

¹⁶ Elena Angulo, Liliana Ballesteros-mejia, Ana Novoa, Virginia G. Duboscq-Carra, Christophe Diagne, Franck Courchamp. 2021. [Economic costs of invasive alien species in Spain](#).

deixamento da administración ambiental, que decidiu obviar o problema da naturalización do eucalipto fóra das plantacións e os seus impactos sobre a biodiversidade.

Por este motivo, **as organizacións asinantes desta declaración defendemos a ampliación das vixentes moratorias ás novas plantacións de eucalipto até, cando menos, 2030, así como o establecemento de novas restricións** sempre que as administracións dos territorios do Estado español non realicen unha planificación forestal que considere a variábel do cambio climático e integre todos os intereses, abordando o problema da naturalización dalgunhas especies de eucalipto e a colonización de ecosistemas de interese ambiental.

SOLICITAMOS

1. Paralizar o actual crecemento da superficie ocupada polo eucalipto no Estado español, en tanto non se asegure o cumprimento dos obxectivos da planificación forestal, a diversificación das masas produtivas para toda a cadea de valor do sector forestal e o mantemento da biodiversidade.
 - 1.1. Ampliación até, como mínimo, 2030, das vixentes moratorias en Galicia e Biscaia ás novas plantacións de eucalipto.
 - 1.2. Declaración de nova moratorias até, como mínimo, 2030 ás novas plantacións de eucalipto no Principado de Asturias, Cantabria, Áraha e Guipúscoa.
2. Paralizar o crecemento da demanda de madeira de eucalipto en España e Portugal mediante a retirada dos proxectos actuais de novas fábricas de produción de celulosa.
3. Avaliar e evitar os impactos adversos que a naturalización do eucalipto fóra das plantacións está a provocar nos ecosistemas e na biodiversidade:
 - 3.1. Establecer, no seo do MITERD, un grupo de traballo multidisciplinar que aborde os efectos sobre a biodiversidade da expansión do eucalipto fóra das plantacións, en especial no interior dos espazos naturais protexidos, así como a avaliación dos custos económicos da súa erradicación en zonas de Rede Natura 2000.
 - 3.2. Dar conta dunha revisión do Real Decreto que regula o Catálogo de Especies Exóticas Invasoras, onde se aborde a particularidade do xénero *Eucalyptus* e a súa relevancia social e económica nestes territorios, buscando un marco xurídico adecuado que evite os efectos ambientais adversos da súa naturalización e expansión fóra das plantacións.
 - 3.3. Incluír no Plan Nacional de Restauración da Natureza de España proxectos de restauración de áreas afectadas por eucaliptos naturalizados dentro de espazos naturais protexidos, así como a redución progresiva das plantacións comerciais de eucalipto dentro da Rede Natura 2000.
4. Mellorar e facer cumprir a planificación forestal, do territorio e urbanística no referente ás limitacións ás plantacións:

- 4.1. Excluir as plantacións do xénero *Eucalyptus* do dominio público hidráulico e a súa zona de servidume, zonas de captación de auga, con fortes pendentes ou erodabilidade, espazos naturais protexidos e corredores ecolóxicos, proximidade de vivendas e núcleos habitados, interface urbano forestal etc.
- 4.2. Evitar o abandono das plantacións de eucalipto existentes, fomentando a agrupación da pequena propiedade a través dun réxime económico favorábel á agrupación de propietarios.
5. Aproveitar as moratorias ás novas plantacións para abordar unha transición e adaptación das masas produtivas para aumentar a resiliencia do seu servizo ecosistémico de abastecemento:
- 5.1. Desenvolver novos modelos selvícolas que permitan unha meirande resiliencia das masas produtivas diante dos futuros escenarios, procurando unha maior diversificación (intraespecífica e interespecífica), cambios nos modelos de xestión, evitando a repetición do modelo de selvicultura baseado en plantacións regulares, monoespecíficas, con uso de agroquímicos e curtas a feito, que se demostraron moi vulnerábeis para os efectos do actual cambio climático.
- 5.2. Fomentar a produción e o uso industrial doutras especies, promovendo especies nativas fronte a outras de carácter exótico.

Asinan esta declaración

AEMS-Ríos con Vida, Amigos de la Tierra, Asociación Asturiana Amigos de la Naturaleza (ANA), Asociación Custodia Bosque Atlántico (BETULA), Asociación para la Defensa de los Recursos Naturales de Cantabria (ARCA), Asociación para la Recuperación del Bosque Autóctono (ARBA), Baso Biziak Plataforma, Butroi Bizirik en Transición, Coordinadora Ecoloxista d'Asturies, Eguzki, Ecologistas en Acción, Fundación Lurgaia, Fundación Montescola, Greenpeace España, Kukubaso Elkarte, Mariko Baso Espazioa, Mutrikuko Natur Taldea, Sagarrak Ekologista Taldea, SEO/BirdLife, Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), Sociedad de ciencias naturales de Sestao, SOSollube, Txirpial, Verdegai e WWF España